

1986 - Zapero
- Rep. concellos
- Best. Ben. Tur

Belén de Begonte - Xornada de clausura - 29/01/94

Ponse hoxe fin de xeito oficial a esta XXIII edición do Belén de Begonte e todo o seu labor cultural, que - como as anteriores - contou con milleiros de visitantes e importantes axudas materiais e morais das que compre sobrancear as de: CONSELLERIA DE CULTURA, DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO, CONSELLERIA DE EDUCACION E ORDENACION UNIVERSITARIA (Dirección Xeral de Política Lingüística), CAIXA GALICIA, CAIXA RURAL e CONCELLO DE BEGONTE.

En momentos coma este, temos que lembra-la figura do noso fundador, JOSE DOMINGUEZ GUIZAN, que nos deixou en abril de 1986 pero do que herdamos esta idea e esta realidade, e que aquí estamos a seguir e potenciar.

En primeiro lugar, vailles dirixi-la palabra o Presidente deste Centro cultural e párroco de Begonte, don Jesús Domínguez Guizán.

.....
Entrega premios PINTURA

IV edición do CERTAME GALEGO DE ARTE "JOSE DOMINGUEZ GUIZAN", patrocinado pola Deputación Provincial de Lugo,

Xurado:

LUCILA YAÑEZ, Directora do Museo (En repr. da Deputación Provincial)

MANUEL GULIN RODRIGUEZ (En repr. da Consellería de Cultura)

JESUS BLAS LOURES, pintor

BLANCA BESTEIRO, gañadora do anterior certame

XULIO GIZ RAMIL, en representación do centro Cultural

Premio JOSE DOMINGUEZ GUIZAN, de pintura, dotado con 250.000 pts. e estatuíña de sargadelos á obra MARINA I, de SANTIAGO CANEDA BLANCO, de A Coruña.

Créase un Accesit, dotado con Estatuíña de sargadelos ó cadro de VICTOR RODRIGUEZ SAAVEDRA, de Narón-A coruña. E selecciónanse un total de 17 obras que se exporán na sala de arte da Excma.

Deputación Provincial de Lugo do 31 de xaneiro (o próximo luns)
ó catro de febreiro.

Entregan:

-Enrique

-Blanca

Entrega premios PRENSA

Patrocina o certame de Xornalismo, xa na XVIII edición, a
Consellería de Cultura. Formaron o xurado:

ANTONIO CALVO VARELA, Delegdo Provincial de Cultura-Presidente

XOSE TRAPERO PARDO, Académico

MARCIAL GONZALEZ VIGO, radiofonista

JESUS DOMINGUEZ GUIZAN, Presidente do Centro cultural de Begonte
e, como secretario, JOSE RODRIGUEZ VARELA.

O Premio Begonte de Xornalismo, 75.000 pts. e estatuíña de
sargadelos, ó traballo ONDE O BELEN SE CHAMA BEGONTE, publicado
no xornal El Porogreso o 5 de xaneiro, por MARGOT MONTERO
FERNANDEZ.

Segundo premio, dotado con 25.000 pts. e estatuíña de sargadelos,
ó traballo UNHA PUCHA E UNHA ESTRELA, publicado o 21 de decembro
en El Progreso, por FRANCISCO RODRIGUEZ FERNANDEZ, FUCO DE
CAMBRIA.

Entregan:

-Antonio Calvo

-Trapero

Entrega premios POESIA

Patrocina o premio de poesía a fundación CIAXA GALICIA. Nesta
XVIII edición, formaron o xurado:

DARIO XOHAN CABANA, PACO MARTIN e XAVIER RODRIGUEZ BARRIO,
escritores; RAMON SOILAN PENAS, en representación de Caixa
Galicia, e XULIO GIZ RAMIL, Secretario, en representación do
Centro cultural de Begonte.

1º Premio.- 100.000 pts. e estatuiña RENACER A LA LUZ Y A LA TERNURA, de LUIS GARCIA PEREZ, de Puertollano-Ciudad Real.

2º Premio.- 50.000 pts. e estatuiña de sargadelos a CHIRIBITAS EN EL ESTABLO, de ESTEBAN COVARRUBIAS DE LA PEÑA, de Zaragoza.

Concedéronse cadanseu accesit a:

- SONETO Ó BELEN DE BEGONTE, de MARINA CILLERO RODRIGUEZ, de Lugo e

CANTO, de JACOBO MELENDEZ, de Córdoba.

Entrega:

-Repr. Caixa Galicia

Entrega premios DEBUXO INFANTIL

O XVIII certame de debuxo infantil sobre O NADAL, patrocinado pr Caixa Rural, tivo por xurado:

JOSEFA CORREDOIRA, concelleira de Cultura, en representación do Concello de Begonte

MANUEL GULIN RODRIGUEZ, en representación da consellería de Cultura

RICARDO ANIDO, Delegado de Caixa Rural en Begonte

JESUS VEIGA SANGIAO, en representación do centro cultural convocante.

Premios:

CATEGORIA A(ATA 10 ANOS):

Primeiros premios: 5.000 pts. e trofeo:

JULIAN GARCIA GARCIA(FDZ)

CHRISTOPHER DIAZ LINARES(NOIS)

JESUS CARRAL GARCIA(BEGONTE)

Segundos premios: 3.000 pts. e trofeo:

OSCAR FERNANDEZ BASANTA(NOIS)

JESUS SANDOMINGO SEIJAS(FDZ)

BORJA LESTEGAS PARGA(FDZ)

LAURA TORRE RIO (NOIS)

AURORA PAJON FERNANDEZ(CASAS-LUGO)

CATEGORIA B(11 A 15 ANOS):

Primeiros premios: 5.000 pts. e trofeo:

OLGA VILANOVA DIAZ(BEGONTE)

BERNABE GONZALEZ RIO(REINANTE)

CARLOS ALVAREZ FREIRE(REINANTE)

Segundos premios: 3.000 pts. e trofeo:

ISABEL DIAZ DIAZ(BEGONTE)

ESTRELLA GOAS LOPEZ(REINANTE)

MARIA JOSE ROCA PAZ(BEGONTE)

PABLO LOPEZ MASEDA(REINANTE)

SUSANA FERREIRO VAZQUEZ(BEGONTE)

.....

Lectura premios POESIA

Xavier Rodríguez Barrio le o poema "RENACER A LA LUZ Y LA TERNURA", primeiro premio de poesía, do que é autor LUIS GARCIA PEREZ, de Puertollano-ciudad Real.

A súa autora, MARINA CILLERO RODRIGUEZ, le o poema co que acadou o primeiro dos accesits do certame de poesía. é o SONETO ó BELEN DE BEGONTE, presentado co lema CANTO.

.....

Entrega socios de honra

Desde 1977 a 1985, o Belén de Begonte a través do Centro cultural que o promove, elevou á categoría de honra a diversos amigos dos que era debedor. Fixo SOCIOS DE HONRA a persoas que ó longo do tempo axudaron, impulsaron, aconsellaron, animaron as actividades que aquí se desenvolven...

Desde 1986, co pasamento de Don José, impúxose unha pausa nunca acordada de xeito expreso... Como se estivésemos agardando algo especial; como se estivésemos xuntando tódalas forzas para camiñar máis firmes.

E chegamos a este ano no que as axudas e os impulsos recibidos obrigan ó Belén a recoñecer oficialmente os méritos de determinadas persoas.... Recoñecemento que seguirá en anos

sucesivos con persoas que están aportando desde sempre ou desde hai pouco co que aquí se fai.

Este ano son tres os novos SOCIOS DE HONRA: ANTONIO CALVO VARELA; ENRIQUE FERNANDEZ GONZALEZ e CANDIDO TEIJEIRO CASTRO

ANTONIO CALVO VARELA, foi pregoeiro do Nadal en Begonte hai uns anos. E Delegado provincial da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia. E ten convertido aquela casa na Casa do Belén.

Entrar en Cultura é saber que o Belén está alí mesmo, e as axudas económicas son sempre xeitosas, xenerosas e ben vidas, pero o talante, a comprensión, o ánimo, son iguais ou maiores que aquelas. E eso infunde confianza e axuda a reafirmar posturas e iniciativas.

O Belén de Begonte considera a Antonio Calvo un dos seus, dos primeiros entre os seus, e por eso teno nomeado SOCIO DE HONRA. Coa estatuíña que lle vai entregar o presidente do Belén decímoslle gracias e benvido ó cadro de honra desta casa.

ENRIQUE FERNANDEZ GONZALEZ, Vicepresidente da Deputación provincial de Lugo, o home que leva os temas de Cultura na corporación provincial.

Cando se chega xunto del, todo é armonía. Todo o que se lle propón lle parece axeitado; comulga co que aquí se fai e como se fai.

Non só nos abre as portas senón tamén os brazos. Para o Belén sempre ten tempo, sempre ten unha palabra de ánimo, sempre comprende e sempre axuda.

Por eso, porque á veces dicir gracias non é abondo, agora dicímosllo con unha estatuíña para que cada vez que a vexa no seu fogar ou no seu despacho saiba que nesta casa ten amigos e se lle ten por amigo dos primeiros.

CANDIDO TEIJEIRO CASTRO; Cándido, o do Sanmartín. Foi da casa

desde o comezo. Se o Belén ten unha "sección delegada" é a casa de Cándido, desde sempre.

Cando queremos agasallar a unha agrupación amiga, vaíse ó Sanmartín; cando aquí se remata un acto, continúa no Sanmartín.

E sempre o Belén e as súas xentes atoparon naquela casa calor e axuda, acollida amistosa e xenerosa gracias á que podemos facer moitas cousas que doutro xeito non poderían acometerse.

Hai tempo que Cándido debiera ter sido nomeado socio de honra do Belén. Por fin, hoxe, entregámoslle esta estatuíña para que no Sanmartín se aprecie fisicamente como sempre se apreciou espiritualmente que tamén aquela é a Casa do Belén.

Palabras Antonio Calvo

Palabras Enrique

Palabras Conselleira Familia e Xuventude?



Pecha este acto a palabra feita canción. Estara a cargo da CORAL RENFE, de Monforte de Lemos, que dirixe don Alfonso Campos Pérez.

A Agrupación Renfe, que naceu como o seu nome proclama da preocupación cultural do colectivo de traballadores vencellados ó ferrocarril na capitalidade das terras de Lemos, ten amáis dun espléndido grupo de baile e música galegas, o ORFEON ou CORAL RENFE, unha das "históricas" das terras lucenses.

O clásico falou de un "'monte fuerte, de torres coronado". En tempos castro, logo fortaleza, sempre asomando por riba de todo o Val de Lemos, Monforte - desde o alto do labor e da constancia musical - fai escoita-la súa voz non só no val de Lemos senón en todo Galicia e aínda ben lonxe dela coas voces da CORAL RENFE que agora nos vai ofrecer, para pechar este acto, un recital de canción de Nadal, de polifonía sacra, e canción galega.